


TERMO FEMINISTA



Y
L
T
S
P
L
I
C
O
N
F
L
I
C
T
O
R
Y



Lavadoiro da Rocha
Delas Fest 2023

© Xouvere

A proposta creativa reflectida nesta publicación desenvolveuse de xeito horizontal e multidisciplinar coa coordinación de 7H Cooperativa Cultural.

Todas as fotografías sen acreditar están asinadas por © Charo Lopes.

O deseño gráfico correu a cargo de Paula Cantero.

O mapa do concello en 1944 é unha obra derivada de MTN50-0094-1944-nnn-Santiago_de_Compostela, CC- BY 4.0 Instituto Geográfico Nacional.

O rueiro actual do concello é unha obra derivada do plano oficial de © Turismo, dispoñible en santiagoturismo.com

O Termo Feminista de Compostela é un proxecto da Concellería de Igualdade do Concello de Santiago, responsable da edición.

Depósito legal: C 667-2024



Agradecidas e culpables



Andrea Barreira Freije



Aranxa Vicens



Charo Lopes



Monse Vilar Figueirido



Natalia A. Fábregas



Patricia Porto Paderne



Paula Cantero Rey



Rula Blanco



Ruth Montiel Arias



Clara R. Cordeiro



Marga Tojo



Marta R. Boo



Sara Murados



Yamini T. Prabhu




XOGO DAS CADEIRAS: Pensamos noutros xeitos de xogar? Ao rematar, todas caben nunha única cadeira. Sô nos temos que axudar.



© Fotografia do álbum familiar de Rula Blanco

ANA BLANCO PAÍS



NANINA
SANTOS



© Abella creativa, Tamboura Films

MEMORIA



Intervención mural de Mariana Santos
Delas Fest 2022





© Fotografía do álbum familiar de Patricia Porto Paderna



Lola Ferreiro



© Consello da Cultura. Álbum de Galicia





© Fotografía cedida por Anxela López Leiceaga



© Galiza Contrainto


Acción polo 25N
Rede Feminista Galega, 2010

LUZ



FAND³ÑO

REFUX









Coidar (me-te-nos-vos)*

O día que quedamos todas para celebrar, en colectivo,
os coidados estaban moi presentes.
Cociñamos, porque cociñar tamén é coidar e autocoidado.
Pero non todo é un cariño,
tamén pode ser un abafo.
Raiba.
Incomprensión.
Impotencia.
Vulnerabilidade.
Traballamos moito e case non hai autocoidado.
Para ter momentos felices necesitas un espazo e non ter ningún plan,
estar coa túa xente e non ter fame.
Os coidados son un tema básico,
identitario.
Alén das pulsións: coidar é imprescindible.
E Compostela ten unha historia bastante importante ao respecto,
unha rede de afectos escollidos.
Iso tamén pode ser coidar.
O coidar que ofrecemos e o coidar que recibimos.
O bo trato.
Un reloxo sen agullas. Unha mensaxe persoal. Un coidado especializado.
Tamén un conflito e unha contradición.
Romantizamos os coidados?
Aceptamos elixilo como un acto de amor,
pero desborda.
Ben, tal vez parece unha mala herba e sexa un unicornio,
unha fantasía.
Miña nai dándome a teta nunha tribo que era como unha comuna e o amor,
eu,
no seu colo.
Oxalá todas nos sintamos tan nutridas.
E ser despedidas con mimo.
Aínda que nos vexamos sobrepasadas.

*O Termo Feminista das Persoas, poema colectivo, 19 de abril do 2024.





MULLERE NAXE



Maruxa e Coralia Fandiño en 1961





HAJ MUITOS
TIPOS DE FAMÍLIAS.

✿ FEMINISMO
PODE SER UNHA.








© Julia González Yáñez





C^ocidAR







**Aprendín de ti.
Cando non sabías que me ensinabas.**



© Fotografía do álbum familiar de Patricia Porto Pademe

L*LA FERREIRO*



© Consello da Cultura. Álbum de Galicia

BEG*ÑA CAAMAÑO*



C MA DRE





Rita na grapadora de caixas
Cuétara, 1972



Traballadoras de Cuétara o 6 de febreiro de 1966

Fotografías recollidas na exposición "Utópicas. Arte e Territorio"
Auditorio de Galicia, 2022



Retrato colectivo de parte das traballadoras de Cuétara entre 1965 e 1974. Na ringleira de diante, de esquerda a dereita, Pilar Espiñeira Tarrío, Purita Bra Mallou, Segunda Antelo Zas, Manola Loureiro Picón, Carmen Ramos Liñares, Carmen Liste Carreira, Fina Carreira Rey, e Mercedes Casal Puente. Na fila de atrás, de esquerda a dereita, Aurora Vázquez Novás, María del Carmen Loureiro Picón, Elvira Ramos Liñares e Milagros Casal Puente.

Fotografía realizada para o proxecto Rúas da Memoria (Utópicas. Arte e Territorio, Auditorio de Galicia, 2022) ©7H Cooperativa Cultural





Construír*

Construír e significar a cidade como un espazo seguro e solidario, disposto ao movemento e á creación de cousas novas, sensible e activo contra as violencias e respectuoso e acolledor coas diversidades. Se algo caracteriza Santiago é a conxunción de personalidades, inqedanzas e procedencias. Sempre foi un reto e unha grande oportunidade. Este é un primeiro chanzo para edificar esa consciencia do que somos e do que podemos ser como colectivo transformador.

E para esta transformación disporíamos do ben máis prezado, que é o tempo, á marxe do noso día a día. Do tempo que adicamos aos coidados, ao activismo, aos deberes, ao traballo e incluso á planificación dun xornal en sesións contadas de reunións. Para construír o noso Termo, poderíamos deixar de lado ese labor de construción e gozar de encontros sen horarios, sen deberes, sen ter que cortar as nosas divagacións. Coma se contásemos con todo o tempo do mundo.

Dese mundo onde os animais xa non senten medo, onde viven en plena paz e felicidade e nunca son explotados nin usados como recursos. Un mundo totalmente antiespecista.

Quixera un espazo equitativo, onde rompamos a hexemonía. Quixera centrarnos nos procesos e non obsesionarnos cos obxectivos. Quixera que a primeira resposta ao escoitar racismo non fora pórse á defensiva. Quixera que se entendese que para construír unha unión, primeiro temos que ver e recoñecer outras realidades, aceptar o noso papel de oprimides e opresores.

E así faise o concello, outra cousa é que sexa feminista. Soño con que se esquezan os egos, e falen as persoas e sexan escoitadas. Discutir, construír e coidarse moito, sen deixar a ninguén nas marxes. As marxes, eses lugares, que quizais xa sexan feministas e non o sabemos porque non os vemos.

Pode que un día as marxes estean no centro do mundo. Tamén queremos estar, compartir os espazos públicos con liberdade e saír dos privados con seguridade. Ser recoñecidas e lembradas, que os nosos nomes retumben, a nosa arte perdure e sexamos valoradas polos nosos talentos ou carencias, sen exixencias para ser e para crear.

Para crear comunidade/s desde o horizontal, con respecto á expresión individual mais construíndo o ben común.

Que a sororidade que sae do impensable en parte de Compostela continúe a transitar e contaxiar as persoas que a habitan, os espazos, a cultura, a educación, o ambiente en xeral.

Estamos a transmutar, liberdade e tenrura, diversidade en integración, berros de ledicia e berros de deconstrución.

A saudade é grande. Maior é o campo de estrelas. O futuro é noso.

É noso o espazo que vivimos, amiga. Debemos sentir que tamén é noso. Teu, meu e das compañeiras. Si, das crianzas tamén, por suposto. Fagamos que a nosa cidade decida non trabar, coidarnos e permitir coidar, collernos da man, iluminar os nosos pasos e ser altofalante dos nosos soños. Que sexa, tamén, outra amiga.

Outra amiga e máis outra e, entre cada unha de nós irmos engarzando afectos e avances (e tamén erros dos que aprender). Tecermos xuntas, nas nosas diferenzas, coas nosas fortalezas (tamén coas nosas debilidades) cada rede que sirva de sostén a un concello onde ninguén é prescindible, onde cada pequeno sorriso sexa unha man tendida para as demais.

Porque xuntas non só somos máis fortes, somos mellores.

ESCOITA



*Texto colectivo feito polas participantes a modo de cadáver exquisito, abril 2024

Termo, segundo a RAG:

1. Momento en que termina algo. É hora de pór termo ao patriarcado. É hora de pór termo ao afastamento. É hora de construír xuntas, desde a diferenza.
2. Espazo de tempo que se concede para a realización dunha cousa. Canto tempo nos levará construír un mundo feminista? Está claro que no termo dun mes pouco se pode facer, mais... e se nos espallamos no tempo como a chuvia que cae sobre a pedra, sobre o río, sobre a terra?
3. Límite ou fronteira. O termo feminista é unha liña que marca os límites do respecto, dos coidados, dos dereitos.
4. Territorio que está baixo unha xurisdición, especialmente a dun concello. O termo feminista abrangue todo o concello de Compostela, cada habitante.
5. Unidade do léxico. O termo feminista, concepto en constante construción.
6. Palabra pertencente ao vocabulario especializado dunha arte, ciencia etc. Escolle un termo feminista que represente a túa realidade.
7. Filosofía Cada un dos elementos que forman unha proposición ou un siloxismo. Cantos termos constrúen o feminismo? As diferenzas farannos máis fortes, máis ricas, máis abertas aos cambios e a realidade.
8. Matemáticas Cada un dos elementos dunha expresión matemática, entre os que hai relación. Cada termo feminista suma ata o infinito, dun xeito progresivo.
9. Lugar que ocupa unha cousa nunha enumeración. Cada termo feminista ten o seu lugar único, sen primeiras nin segundas, pois isto non é unha competición. OBSERVACIÓNS: Utilízase precedido de primeiro, segundo etc.
10. Cada un dos planos nos que se considera dividido un cadro, unha escena etc. con respecto á percepción visual do espectador. O Termo Feminista está composto por tantas olladas como miradas *lilás* hai en Compostela.

substantivo masculino plural

11. Palabras ou condicións nas que algo se establece. Os termos feministas son claros: na diferenza está a fortaleza; a diferenza é a que nos fará medrar; a diferenza é a que nos amosa máis camiños; é na diferenza onde somos máis libres.
12. Palabras con que se expresa algo ou maneira como se expresa. Reconstruamos tamén o noso idioma, usemos termos feministas, como mulle-renaxe, como comadre.

TERMO FEMINISTA

Esta publicación que tes entre as mans xermolou ao abeiro do **Termo Feminista**, unha proposta comunitaria para cultivar unha Compostela máis xusta e igualitaria a través do diálogo e da escoita activa. Ao longo dos meses de marzo e abril artellamos unha serie de xornadas de **encontro** nas que a diversidade de miradas facilitou un espazo de seguridade. A través da visibilización, da **escoita** e do coidado reflexionamos ao redor da memoria, do **espazo construído**, do **espazo natural** e das **persoas**, converténdose nos fíos imprescindibles sobre os que soste o noso concello.

Partimos da consciencia de que Santiago acolle unha **rede de feminismos** diversos, ricos e moi capaces de achegar por si mesmos ferramentas para erixir unha sociedade mellor desde eidos moi distintos. Porque para que o Termo Feminista medre forte, hai que sementalo. E para iso é preciso contar cos proxectos, coas axentes, que durante anos traballaron, e seguen a traballar, arreo. Cremos que para que unha Compostela feminista deixe de ser unha utopía e se transforme nunha realidade hai que implicar as **bases do movemento** ao mesmo tempo que a **cidadanía**. Mesturar bagaxes e compartir preocupacións e experiencias, xunto con novos xeitos de facer, adoita ser o camiño axeitado para seguir a reinventar xuntas desde as diferenzas.

Por todos estes motivos, agradecemos ás asociacións Aselafem, Casa Comunitaria Aluandê, Foro Galego de Inmigración, Centinelas, Materfem, Xornalistas Galegas, MujerArt-Asociación Cultural e a todas as persoas que, a título individual, participaron nas xuntanzas e nos cederon material. Agardamos que estes sexan os primeiros pasos para erguer, desde o persoal e o político, o individual e colectivo, o concello que soñamos e merecemos.